

## **Declaración institucional en apoio á Illa da Palma pola erupción volcánica na zona de Cabeza de Vaca o 19 de setembro de 2021**

O pasado domingo, 19 de setembro de 2021, e tras varias semanas dunha actividade sísmica cada vez máis intensa, entraba en erupción a zona de Cabeza de Vaca, na illa da Palma.

O paso das coadas de lava no seu percorrido desde o cume ata o mar segue deixando, como consecuencia, a destrución de vivendas, unhas 200 vivendas ata o momento, a destrución do modo de vida de numerosas familias e unha sensación permanente de incerteza que mantén a todos os canarios co corazón encolleito e que debe ser minimizada pola acción coordinada de todas as Administracións.

Desde a Deputación da Coruña, queremos enviar unha mensaxe de solidariedade a toda a sociedade palmeira nestes momentos de gran preocupación. Así mesmo, queremos trasladar todo o noso apoio ás persoas evacuadas dos seus fogares e, moi especialmente, o noso agarimo a quen perdeu as súas vivendas, os seus cultivos ou calquera outro ben baixo a lava. A dor, angustia e desesperación que senten, sentímolos tamén nós. Tamén, queremos poñer en valor a resposta do pobo da Palma, o seu exemplo de civismo co que, nuns momentos moi duros, asumiu as recomendacións das autoridades priorizando a seguridade persoal e colectiva.

### **É UNHA LECCIÓN PARA TODOS.**

Agradecemos e destacamos o traballo incansable que desde o pasado domingo están a desenvolver a comunidade científica, os equipos de emerxencia, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, organizacións non gobernamentais, Exército, policía locais, profesionais do sector sanitario, medios de comunicación e tantos colectivos que co seu labor sobre o terreo contribúen a reducir as consecuencias deste fenómeno da natureza. Grazas por permanecer á beira de cada persoa; grazas pola súa vocación, pola súa entrega, pola súa valentía e polo seu esforzo.

Ademais, a erupción está causando graves danos en vivendas, empresas e terras de traballo, que derivarán en profundos problemas económicos. O Goberno de España debe contribuír economicamente con axilidade e mediante os mecanismos que sexan precisos para paliar os efectos económicos na Illa.

Polo exposto, a Corporación da Deputación provincial da Coruña DECLARA a súa vontade de:

1. Enviar unha mensaxe de solidariedade a toda a sociedade palmeira nestes momentos de gran preocupación. Trasladamos todo o noso apoio ás persoas evacuadas dos seus fogares e, moi especialmente, o noso agarimo a quen perdeu as

súas vivendas, os seus cultivos ou calquera outro ben baixo a lava.

2. Felicitar e agradecer o traballo incansable que están a desenvolver a comunidade científica, os equipos de emerxencia, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, organizacións non gobernamentais, as institucións públicas locais, autonómicas e estatais, exército, policía locais, profesionais do sector sanitario, medios de comunicación e tantos colectivos que co seu labor sobre o terreo contribúen a reducir as consecuencias deste fenómeno da natureza.

3. Demandar ao Goberno de España que axilice e execute as axudas económicas necesarias para paliar os efectos directos e indirectos da erupción volcánica na Illa da Palma.